

Formulario de participación no proxecto STEMbach

Facultade/Escola:

Facultade de Historia

Coordinador/a STEMbach na facultade/escola:

Nome e apelidos: Susana Reboreda Morillo

Correo electrónico: rmorillo@uvigo.es

Teléfono: 988 387 200

Título do proxecto STEM do centro:

Fontes de estudo na Historia antiga: o exemplo de Grecia

Resumo (máx. 100 palabras):

O obxectivo principal deste proxecto é achegar ao alumnado as fontes que permiten coñecer as sociedades da Época Antiga no exemplo concreto da cultura grega. Para elo se traballará tanto coas denominadas fontes escritas (literarias e epigráficas) como arqueolóxicas e iconográficas. Esta metodoloxía permitirá obter información sobre unha mesma temática dun xeito pluridisciplinar que vai máis alá dos estudos tradicionais que relacionan a Historia antiga cos escritos clásicos da época.

Este proxecto tamén está dirixido a superar a idea de que a historia redúcese a acontecementos protagonizados por personaxes excelentes, ao poñer nun primeiro plano os fenómenos sociais.

Actividades de formación complementarias:

- Visita as dependencias do centro
- Iniciación ás tarefas arqueolóxicas no Laboratorio de Arqueoloxía
- Achegamento á bibliografía específica